



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 19:11:57

Entrada **26167**

Pregunta sobre a habilitación do sistema electrónico que
permita o voto dos mariñeiros embarcados

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao establecemento dun procedemento telemático ou electrónico para garantir o voto dos tripulantes embarcados en alta mar tal e como recolle a Lei 5/2023, do 17 de marzo, de Pesca Sustentábel.**

A Lei 5/2023, do 17 de marzo, de Pesca Sustentábel e Investigación Pesqueira publicada no BOE do 18 de marzo de 2023, recolle na súa Disposición Adicional Sétima “Para a garantía do dereito do voto dos tripulantes embarcados en altura e gran altura” que:

“O Goberno remitirá ás Cortes no prazo de tres meses unha proposta para o establecemento dun procedemento telemático e/ou electrónico que se adapte ás necesidades propias do persoal embarcado que non pode acceder ao sistema de voto por correo polas súas longas estancias en alta mar coincidindo coa convocatoria ou celebración da xornada electoral”.

Esta Disposición foi incluída a iniciativa do BNG que presentou unha emenda destinada a garantir o voto dos mariñeiros embarcados en alta mar e terminar cunha discriminación histórica. Unha proposta que durante o debate e tramitación da Lei de Pesca Sustentábel foi aprobada en Comisión e incorporada ao texto da norma.

A Lei foi publicada no BOE do 18 de marzo entrando en vigor ao día seguinte, polo que o prazo de tres meses que establece a citada Disposición Adicional cumpríriase o 19 de xuño. Porén, a disolución das Cortes Xerais pola convocatoria anticipada de eleccións xerais o 23 de xullo de 2023





imposibilitou dar cumprimento ao mandato legal. Finalmente, o novo Goberno tomou posesión no mes de novembro, data da que se cumpren agora seis meses. Neste período de tempo o Executivo debeu ter presentado a proposta para establecer o voto telemático das persoas tripulantes embarcadas en alta mar. Sobre todo, porque se celebraron xa varios procesos electorais e estamos ás portas das eleccións europeas do 9 de xuño sen que se articularon os instrumentos adecuados para garantir o voto dos mariñeiros.

O acceso ao voto dos tripulantes en alta mar leva décadas de reivindicacións pero sempre se ignorou por parte dos distintos Gobernos. Agora que por fin logrouse que fora incluído na Lei, non caben máis aprazamentos, o Goberno debe cumprir co estipulado na norma e pór fin a unha discriminación histórica para coas persoas traballadoras do mar e que podan exercer o seu dereito ao voto nos distintos comicios. As novas tecnoloxías facilitan a disposición de métodos electrónicos.

O Executivo sabe que o sistema actual non garante o libre exercicio ao voto dos mariñeiros embarcados durante longas campañas de 6 ou 7 meses nos que non poden prever onde ou cando poderán estar en terra. É de xustiza que se lles asegure o dereito ao sufraxio por fin.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Por que non remitiu aínda o Goberno unha proposta para o establecemento dun procedemento telemático e/o electrónico para garantir o dereito ao voto dos tripulantes embarcados en alta mar, tal e como se recolle na Lei 5/2023, do 17 de marzo, de Pesca Sustentábel a iniciativa do BNG?
2. É consciente o Goberno de que se celebraron varios procesos electorais desde que se constituíu o actual Goberno e que estamos ás portas das eleccións ao Parlamento Europeo do 9 de xuño sen que os mariñeiros en alta mar teñan garantido o seu dereito ao sufraxio, dada a inadaptación da actual lei electoral ás súas peculiaridades?



3. Cando vai o Goberno a remitir a proposta para o establecemento dun procedemento telemático ou electrónico para que as persoas traballadoras do mar poidan acceder adecuadamente a exercer o seu voto?
4. A que se debe o atraso e que non estea aínda dispoñíbel para a participación nas eleccións europeas?
5. Comprométese o Goberno a garantir plenamente o dereito ao voto dos mariñeiros de alta mar e presentar este ano 2024 o procedemento que se recolle na Lei?

Madrid, a 20 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al establecimiento de un procedimiento telemático o electrónico para garantizar el voto de los tripulantes embarcados en alta mar tal y como recoge la Ley 5/2023, de 17 de marzo, de Pesca Sostenible.**

La Ley 5/2023, de 17 de marzo, de Pesca Sostenible e Investigación Pesquera publicada en el BOE/BOE de 18 de marzo de 2023, recoge en su Disposición Adicional Séptima “Para la garantía del derecho del voto de los tripulantes embarcados en altura y gran altura” que:

“El Gobierno remitirá a las Cortes en el plazo de tres meses una propuesta para el establecimiento de un procedimiento telemático y/o electrónico que se adapte a las necesidades propias del personal embarcado que no puede acceder al sistema de voto por correo por sus largas estancias en alta mar coincidiendo con la convocatoria o celebración de la jornada electoral”.

Esta Disposición fue incluida a iniciativa del BNG que presentó una enmienda destinada a garantizar el voto de los marineros embarcados en alta mar y terminar con una discriminación histórica. Una propuesta que durante el debate y tramitación de la Ley de Pesca Sostenible fue aprobada en Comisión e incorporada al texto de la norma.

La Ley fue publicada en el BOE del 18 de marzo entrando en vigor al día siguiente, por lo que el plazo de tres meses que establece la citada Disposición Adicional se cumpliría el 19 de junio. Sin embargo, la disolución de las Cortes



Generales por la convocatoria anticipada de elecciones generales el 23 de julio de 2023 imposibilitó dar cumplimiento al mandato legal. Finalmente, el nuevo Gobierno tomó posesión en el mes de noviembre, fecha de la que se cumplen ahora seis meses. En este período de tiempo el Ejecutivo debió haber presentado la propuesta para establecer el voto telemático de las personas tripulantes embarcadas en alta mar. Sobre todo, porque se celebraron ya varios procesos electorales y estamos a las puertas de las elecciones europeas de 9 de junio sin que se articularon los instrumentos adecuados para garantizar el voto de los marineros.

El acceso al voto de los tripulantes en alta mar lleva décadas de reivindicaciones pero siempre se ignoró por parte de los distintos Gobiernos. Ahora que por fin se logró que había sido incluido en la Ley, no caben más aplazamientos, el Gobierno debe cumplir con el estipulado en la norma y poner fin a una discriminación histórica para con las personas trabajadoras del mar y que podan ejercer su derecho al voto en los distintos comicios. Las nuevas tecnologías facilitan la disposición de métodos electrónicos.

El Ejecutivo sabe que el sistema actual no garantiza el libre ejercicio al voto de los marineros embarcados durante largas campañas de 6 o 7 meses en los que no pueden prever dónde o cuando podrán estar en tierra. Es de justicia que se les asegure el derecho al sufragio por fin.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Por qué no remitió aún el Gobierno una propuesta para el establecimiento de un procedimiento telemático y/o electrónico para garantizar el derecho al voto de los tripulantes embarcados en alta mar, tal y como se recoge en la Ley 5/2023, de 17 de marzo, de Pesca Sostenible a iniciativa del BNG?
2. ¿Es consciente el Gobierno de que se celebraron varios procesos electorales desde que se constituyó el actual Gobierno y que estamos a las puertas de las elecciones al Parlamento Europeo de 9 de junio sin que los marineros en alta mar hayan garantizado su derecho al



- sufragio, dada la inadaptación de la actual ley electoral a sus peculiaridades?
3. ¿Cuándo remitirá el Gobierno la propuesta para el establecimiento de un procedimiento telemático o electrónico para que las personas trabajadoras del mar puedan acceder adecuadamente a ejercer su voto?
 4. ¿A qué se debe el retraso y que no esté aún disponible para la participación en las elecciones europeas?
 5. ¿Se compromete el Gobierno a garantizar plenamente el derecho al voto de los marineros de alta mar y presentar este año 2024 el procedimiento que se recoge en la Ley?

Madrid, a 20 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso